

COMUNICACIÓN DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: RESPONDA DO PROMOTOR SOBRE OS INFORMES EMITIDOS POR AUGAS DE GALICIA REFERENTES AO PARQUE EÓLICO ALVITE II (IN408A 2019/016).

UBICACIÓN: CONCELLOS DE SANTA COMBA, MAZARICOS E NEGREIRA (A CORUÑA).

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, SL.

O obxecto desta comunicación é dar resposta ao oficio do 15 de novembro de 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, no que da traslado da resposta do promotor aos informes, do 23 de setembro de 2022, emitidos por Augas de Galicia acerca do proxecto do parque eólico Alvite II (IN408A 2019/016), para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A nova documentación achegada polo promotor componse dos seguintes documentos:

- Escrito de resposta asinado electrónicamente o día 20.10.2022 por Ricardo Fernández Fernández en representación de GREEN CAPITAL POWER SL, no que formula a súa resposta aos informes de Augas de Galicia.
- 3 anexos, en formato jpg (Anexo 1 e Anexo 2) e pdf (Anexo 3) que conteñen croquis e planos de detalle das obras de drenaxe transversal propostas (Anexos 1 e 3) e da estrutura proposta para salvar o cruce das obras co río das Maroñas (Anexo 2).

Ademais, cómpre subliñar que o promotor indica o seguinte no seu escrito, -entre outros aspectos que son obxecto de resposta por él:

- *"Respecto ao vao sinalado anteriormente, -refírese ao previsto na vía de acceso ao aeroxerador AL01, no entorno do punto de coordenadas (UTM ETRS89, Fuso 29), X=507.871, Y=4.758.081-, este atópase fóra do ámbito de afección dos leitos inventariados por Augas de Galicia.*

Ao respecto da colocación dos vaos inundables con afección a leitos inventariados por Augas de Galicia, debemos indicar que se substituirán por obras de drenaxe transversal tipo tubo de formigón (Plano de detalle tipo no Anexo 1 a esta instancia) ou Marco de Auga (Plano de detalle Anexo 3 a esta instancia) segundo corresponda."

- No apartado 7 do escrito, referido á afección ao río Donas (203), o promotor indica:

"Afección á zona de policía do Río Donas polo voo das pas do aeroxerador AL06. Esta afección recollerase correctamente en toda a documentación definitiva.

En canto á afección á zona de policía, o voo das pas do aeroxerador en zona de policía non delimita ningunha realización de ningunha actuación sobre esta, no caso de que sexa necesario calquera actuación solicitarase autorización administrativa a este organismo de conca."

- No apartado 8 do escrito, referido á afección ao río das Maroñas (184019), o promotor indica:



"(...). Adicionalmente, tamén se afecta a este leito pola cimentación e plataforma de montaxe da torre meteorolóxica. Esta afección recolleranse correctamente en toda a documentación definitiva."

- Tamén, indican, respecto ao resto das afeccións á rede fluvial xestionada por Augas de Galicia que non foron recollidas nos documentos aportados para a emisión, -por esta Entidade, -dos informes referidos de data 23 de setembro de 2022, que se recollerán correctamente en toda a documentación definitiva.
- Finalmente, nos apartados III e IV do escrito, o promotor recolle as concusións de ámbolos dous informes do parque eólico Alvite II emitidos por Augas de Galicia o 23 de setembro de 2022, salvo a que se refire, entre outros aspectos, á necesidade da obriga de atender as condicións que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Asemade, no dito escrito o promotor conclúe expresamente: ***"Que, en virtude de todo o exposto, esta Sociedade acepta o contido do informe e terá en conta as consideracións emitidas por Augas de Galicia."***

Non obstante, á vista da citada documentación, por esta Entidade cómpre facer as seguintes consideracións:

- No Anexo 3 aportado inclúense detalles das obras de drenaxe transversal (ODTs) formadas por dous tubos e por varios marcos de formigón.

Por Augas de Galicia, lémbrese que se debe atender aos requirimentos da planificación hidrolóxica no deseño das ditas ODTs, tal e como se establece no artigo 36 e 38 do PHGC e xa se informou previamente por esta Entidade.

Non obstante, cómpre engadir que, segundo os criterios desta Entidade:

- Nos cursos catalogados como rede hidrográfica básica nos ámbitos non urbanos, non estará permitido o uso de marcos ou tubaxes que modifiquen a morfoloxía do leito, polo que haberán de empregarse solucións que non modifiquen esta morfoloxía (por exemplo con tipoloxías tipo pórtico).
- Non se admiten as ODTs con conducións en paralelo, debendo dispoñer unha sección hidráulica que abranza polo menos todo o ancho do leito (nas seccións próximas tanto augas arriba como augas abaixo) e que sexa equivalente como mínimo a unha sección circular de 800 mm de diámetro.
- Respecto da afección concreta do voo das pas do aerogenerador AL06 á zona de policía do río Donas (203), lémbreselle ao promotor que esta deberá contar coa autorización por Augas de Galicia, con carácter previo á execución do parque, ao igual co resto das instalacións e obras que forman parte do mesmo.

Tamén, realízase a mesma observación respecto da nova afección á zona de policía do río das Maroñas (184019), comunicada no seu escrito polo promotor, é dicir, que antes do inicio das obras de execución do parque deberá contar coa preceptiva autorización por esta Entidade.

- Asemade, puntualízase que a aceptación do contido dos informes, emitidos por Augas de Galicia o 23 de setembro de 2022-, implica que o promotor se compromete a asumir e



cumprir o contido dos mesmos na súa totalidade, é dicir, de todos e cada un dos seus apartados.

En consecuencia, vista a citada documentación de resposta e tendo en conta o exposto anteriormente, este Organismo de Conca mostra a súa conformidade sempre que se teñan en conta as consideracións feitas nesta comunicación.

O sentido desta comunicación enténdese sen prexuízo do que estableza a posterior autorización que preceptivamente haberá de emitir Augas de Galicia.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

